



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expediente: 2023/G010/00002

Valdoviño, 02 de febreiro de 2023.

Hora: 20:00

Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello

Primeira convocatoria

Celebración sesión ordinaria con comezo ás vinte horas; para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Alejandro Antonio García Sousa do PsdeG-PSOE.

Germán Gómez Senra

M^o Pilar Caamaño Vilela

PP:

Javier Bouzamayor Casas do PP.

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Non asisten por causas xustificadas:

Ana Belén Pérez Fernández

Javier Bouzamayor Casas do PP.

Carlos Alberto Ameneiros Serantes do BNG.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro.

Abre a sesión o Presidente vista a existencia de quorum, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos da Orde do Día:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DE SESIÓN ANTERIOR: 05.01.2023.-

O sr. Alcalde, que preside a sesión, preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devanditas acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a actas da sesión plenaria de 05.01.23 queda aprobada sen ningunha obxección polo

Pleno da Corporación (votación ordinaria e aprobadas por unanimidade dos asistentes ás sesións).

Non obstante, a secretaria municipal indica que é preciso modificar o punto segundo (ampliación) da acta do 5.01.23, que consta de seguido, e o Pleno aproba a acta coa citada modificación.

2º.-EXPEDIENTE MODIFICACIÓN PUNTUAL RELACIÓN POSTOS DE TRABALLO. EXPTE. 2022/X999/000125 (POSTO TRABALLO TÉCNICA DE MUSEOS).-

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“Advertido un erro no acordo adoptado polo Pleno municipal en data 5 de xaneiro de 2023 consistente na falta do punto cuarto e quinto, relativo a aprobación definitiva da modificación puntual da RPT do Concello de Valdoviño e a súa publicación.

Considerando que o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento administrativo común, establece que: *2. Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.*

Vista a documentación obrante no expediente; esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente **PROPÓN** ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro. - Recificar o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Valdoviño en data 5 de xaneiro de 2023 **e onde se dí:**

“Considerando que no mes de xuño de 2021 publícase o anuncio da convocatoria e bases de provisión dunha praza de funcionario de carreira como técnico de museos do Concello de Valdoviño (BOP, núm 118, 25 de xunio de 2021).

Concluído o proceso selectivo publícase o anuncio de nomeamento a Diana María Rodríguez Rodríguez como funcionaria de carreira do Concello de Valdoviño.

En data 03 de novembro de 2022 celébrase sesión ordinaria do Pleno da corporación do Concello de Valdoviño, na que se inclúe previa ratificación da urxencia, fora da orde do día a MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO - Modificación puntual RPT.Posto técnico de museos. O Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aproban a urxenza da modificación puntual da RPT.

En data 16 de novembro de 2022 publicase no BOP núm 217 o anuncio de aprobación inicial da modificación puntual da RPT do Concello de Valdoviño.

Visto o escrito de alegacións presentado en data 16 de decembro de 2022 por Diana María Rodríguez Rodríguez con DNI 33.996.061 Z sobre diferentes cuestións de dito procedemento.

Vista a documentación obrante no expediente; esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente **PROPÓN** ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primero. - No referente a que na convocatoria do Pleno de data 3 de novembro de 2022 non consta na orde do día o punto relativo a modificación puntual da relación de postos

de traballo, DESESTIMAR dita alegación pois dito asunto se inclúe previa ratificación da urxencia fora da orde do día, ao ser posible por ter a sesión carácter ordinario e cumprindo así a normativa aplicable.

Segundo. - DESESTIMAR a alegación sobre a falta de publicidade pois seguíronse os trámites legais da aprobación inicial para a modificación puntual da RPT, dándose publicidade do acordo adoptado en sesión de 3 de novembro de 2022, no BOP de 16 de novembro de 2022 Nº 217, sinalando un prazo de exposición pública os interesados de 20 días contados dende o día seguinte a publicación.

Terceiro. - Desestimar a alegación cuarta pois os sindicatos foron convocados seguindo a lexislación vixente e nos prazos legalmente establecidos

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente.

/Asinado electrónicamente na marxe do documento polo alcalde.”

Debe dicir:

“Considerando que no mes de xuño de 2021 publícase o anuncio da convocatoria e bases de provisión dunha praza de funcionario de carreira como técnico de museos do Concello de Valdoviño (BOP, núm 118, 25 de xunio de 2021).

Concluído o proceso selectivo publícase o anuncio de nomeamento a Diana María Rodríguez Rodríguez como funcionaria de carreira do Concello de Valdoviño.

En data 03 de novembro de 2022 celébrase sesión ordinaria do Pleno da corporación do Concello de Valdoviño, na que se inclúe previa ratificación da urxencia, fora da orde do día a MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO - Modificación puntual RPT.Posto técnico de museos. O Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aproban a urxenza da modificación puntual da RPT.

En data 16 de novembro de 2022 publicase no BOP núm 217 o anuncio de aprobación inicial da modificación puntual da RPT do Concello de Valdoviño.

Visto o escrito de alegacións presentado en data 16 de decembro de 2022 por Diana María Rodríguez Rodríguez con DNI 33.996.061 Z sobre diferentes cuestións de dito procedimemento.

Vista a documentación obrante no expediente; esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente **PROPÓN** ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro. - No referente a que na convocatoria do Pleno de data 3 de novembro de 2022 non consta na orde do día o punto relativo a modificación puntual da relación de postos de traballo, DESESTIMAR dita alegación pois dito asunto se inclúe previa ratificación da urxencia fora da orde do día, ao ser posible por ter a sesión carácter ordinario e cumprindo así a normativa aplicable.

Segundo. - DESESTIMAR a alegación sobre a falta de publicidade pois seguíronse os trámites legais da aprobación inicial para a modificación puntual da RPT, dándose publicidade do acordo adoptado en sesión de 3 de novembro de 2022, no BOP de 16 de novembro de 2022 Nº 217, sinalando un prazo de exposición pública os interesados de 20 días contados dende o día seguinte a publicación.

Terceiro. - Desestimar a alegación cuarta pois os sindicatos foron convocados seguindo a

lexislación vixente e nos prazos legalmente establecidos.

Cuarto. – Aprobar definitivamente a modificación puntual da RPT do Concello de Valdoviño.

Quinto. - Realizar os trámites oportunos para súa notificación e publicación.

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente.

En Valdoviño a 30 de xaneiro de 2023

Asdo: O alcalde, Alberto González Fernández”

Sometida a votación a anterior proposta de Alcaldía, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión neste intre da votación, acordou a súa aprobación.

Votos favorables: 8 votos, dos 13 que compoñen a Corporación (6 do PSdeG-PSOE; 1 PP, 1 CENVAL).

3º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS PARA O EJERCIZO 2023 (POS+ADICIONAL 1/2023).-

PROPOSTA PARA A APROBACION DA SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS PARA O EJERCIZO 2023 (POS + ADICIONAL 1/2023):

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de aprobación da solicitude de financiamento de gastos sociais extraordinarios para o exercizo 2023 (POS + Adicional 1/2023),

PRIMEIRO. O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data de 25 de novembro de 2022, aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único Concellos) “POS+2023, que se destina ao 93 Concellos da provincia. Xunto co POS+2023, regúlase simultaneamente, o POS+ADICIONAL 1/2023 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, que será xestionado pola Sección de Servizos Sociais de esta Deputación.

En circular remitida por parte da Deputación Provincial, asígnase a este Concello para este concepto a cantidade de **69.750,19 euros**.

SEGUNDO. No Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 228 de 01 de decembro de 2022, publícanse as bases reguladoras deste plan. A base 12 regula a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercizo 2023, que se financia con cargo a unha achega provincial 2023 extraordinaria por importe de 24.000.000 euros para facer fronte ao impacto económico e social en materia de servizos sociais.

TERCEIRO. O Obxecto do financiamento dos gastos sociais extraordinarios contemplado nas bases reguladoras é o seguinte:

Para gasto corrente:

- a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais.
- b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas en risco de exclusión social.
- c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades.

- d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes.
- e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.
- f) Outras medidas que os servizos sociais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables.
- g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria.
- h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables, cando cumpran os requisitos establecidos.

Para investimento:

- i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para préstamo de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria.
- j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.

CUARTO. Visto o informe da traballadora social do departamento de servizos sociais e analizadas as necesidades para a posta en práctica de todos e cada un dos programas levados a cabo no mesmo, así como para o correcto desenvolvemento da intervención social do persoal técnico segundo as demandas e necesidades de persoas vulnerables e en risco de exclusión social con escasos recursos económicos,

PROPOÑO AO PLENO

A aprobación da seguinte previsión de gastos sociais extraordinarios, para o exercizo 2023, para incluír na solicitude do **“POS+Adicional 1/2023 da Deputación Provincial de A Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios”**:

GASTOS CORRENTES				
Obxecto	Descrición	Previsión de gastos 2023 (A)	Estimación de ingresos públicos ou privados (B)	Estimación do gasto a financiar polo Concello (A-B)
a) Reforzo/ampliación de perosal técnico e/ou administrativo	Selección de un/unha auxiliar administrativo para reforzo do departamento de servizos sociais, co fin de apoiar ao equipo actual e facilitar o desenvolvemento dos programas de forma áxil.	19.000 €	0 €	19.000 €
b) Ampliación e dotación das	Ampliación da partida municipal destinada a axudas	8.000 €	0 €	8.000 €

partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia	de emerxencia a persoas soas ou familias en risco de exclusión social que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura de necesidades básicas de vivenda, alimentación, suministros, educación, gastos médico- farmacéuticos, transporte e outros técnicamente valorados polo departamento.			
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades	Libre concorrencia: para situacións valoradas técnicamente como de urxencia e necesidade. Dependencia: excepcionalmente, poderá destinarse o importe a cubrir a parte da aportación municipal ao servizo de axuda no fogar nesta modalidade, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	11.000 €	0 €	11.000 €
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación	Para persoas e familias que carezan de medios económicos suficientes: - Servizo de transporte e desprazamentos para acudir a espazos que favorezan a conciliación da vida familiar e laboral. - Organización de actividades que favorezan a conciliación e o respiro familiar: acompañamentos puntuais a persoas no domicilio, espazos de conciliación por asistencia a cursos de	2.000 €	0 €	2.000 €

	formación			
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario, imprescindibles e urxentes	<p>Para a realización de calquera das seguintes actuacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización de cursos de formación dirixidos, fundamentalmente, a persoas usuarias do Plan de Inclusión e Programa municipal de inclusión social. - Ampliación da partida municipal para a convocatoria de medidas de apoio ás familias para a adquisición de material para o estudo e transporte. - Contratación de servizo de asesoramento xurídico para persoas e familias usuarias dos servizos sociais en situación de necesidade. - Outras medidas e axudas que se enmarquen como gasto corrente e que vaian xurdindo no departamento de servizos sociais ao longo do exercizo 2023, con carácter extraordinario, imprescindible e urxente. 	24.350,19 €	0 €	24.350,19 €
h) Axudas económicas para gastos de consumo enerxético	<ul style="list-style-type: none"> - Axudas económicas para gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos indicados nas bases 	1.000 €	0 €	1.000 €

	reguladoras do POS+ADICIONAL 1/2023			
TOTAL GASTO CORRENTE		65.350,19 €	0	65.350,19 €

INVESTIMENTO				
Obxecto	Descrición	Previsión de gastos 2023	Estimación de ingresos públicos ou privados (B)	Estimación do gasto a financiar polo Concello (A-B)
i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para préstamo de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria	Adquisición de camas articuladas para persoas en situación de vulnerabilidade e en situación de dependencia.	4.400 €	0 €	4.400 €
TOTAL INVESTIMENTO		4.400 €	0 €	4.400 €

TOTAL GASTO CORRENTE + INVESTIMENTO	69.750,19 €
--	--------------------

Para que conste aos efectos oportunos, asino electrónicamente na data indicada á marxe.

O alcalde,

Alberto González Fernández”

Sometida a votación a anterior proposta de Alcaldía, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión neste intre da votación, acordou a súa aprobación.

Votos favorables: 8 votos, dos 13 que compoñen a Corporación (6 do PSdeG-PSOE; 1 PP, 1 CENVAL).

4º.- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE PRODUCTOS DE APOIO A PERSOAS CON DEPENDENCIA OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

PROPOSTA DE ALCALDIA PARA APROBACION INICIAL EN PLENO, DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE PRESTAMO DE PRODUTOS DE APOIO A PERSOAS CON DEPENDENCIA OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE DO CONCELLO DE VALDOVIÑO

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de aprobación do Regulamento de funcionamento do servizo de préstamo de produtos de apoio a persoas con dependencia ou persoas con discapacidade do Concello de Valdoviño, e visto o informe técnico do departamento de servizos sociais, que di o seguinte:

Paula Fernández Dopazo (Colex. 2116), traballadora social do departamento de servizos sociais do Concello de Valdoviño, en relación á necesidade de aprobación do Regulamento de funcionamento do servizo de préstamo de produtos de apoio a persoas con dependencia ou persoas con discapacidade do Concello de Valdoviño,

INFORMO:

PRIMEIRO. Mediante circular de data de 14/12/2022 comunicouse ao Concello de Valdoviño a aprobación das Bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+2022” no que se regula simultaneamente o POS+ADICIONAL 1/2022 para os gastos sociais extraordinarios do exercizo 2022, así como tamén a achega provincial asignada ao mesmo.

SEGUNDO. No Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 228 de 30 de novembro de 2021, publícanse as bases reguladoras deste plan. A base 12 regula a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercizo 2022, que se financia con cargo a unha achega provincial 2022 extraordinaria por importe de 7.000.000 euros para facer fronte ao impacto económico e social en materia de servizos sociais. En documento anexo establécese a cantidade de 68.647,54 euros para o Concello de Valdoviño, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios do exercizo 2022, con cargo a dito Plan.

TERCEIRO. Dende o Concello de Valdoviño remítese solicitude de 65.047,54 euros para gasto corrente e de 3.600 euros para investimento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material para a súa vida diaria. En data de 25.05.2022 recíbese circular da aprobación do gasto solicitado.

CUARTO. Solicítanse presupostos a tres empresas suministradoras de material técnico asistencial para que presenten proposta económica das seguintes axudas técnicas o máis axustado posible ao importe da subvención concedida:

Tipoloxía	Características	Unidades
Cama articulada	Carro elevador, medidas de 90x190, varandas de suxeición e colchón	2
Grúa de mobilidade	Tamaño de sinxela manipulación e almacenamento, con arnés de suxeición e ata 150kg de peso	2
Transporte e montaxe	Valorase a gratuidade do mesmo	4

As tres empresas son: Exclusivas Iglesias, Gerimedical e Ortomédica.

QUINTO. As propostas económicas presentadas para as axudas técnicas con características indicadas son as seguintes:

- Exclusivas Iglesias: total con IVE de 3.740 euros con transporte e montaxe incluídos.
- Gerimedical: total con IVE de 3.724,60 euros con transporte e montaxe incluídos.
- Ortomédica: total con IVE de 4.046,28 euros con transporte e montaxe incluídos.

SEXTO. En data de 03 de novembro de 2022 a Xunta de Goberno Local aproba, en sesión ordinaria, a adquisición por parte do Concello de Valdoviño de dúas grúas de mobilidade e dúas camas articuladas con colchón, destinadas a uso en préstamo por parte de persoas con discapacidade e/ou dependencia veciñas do municipio de Valdoviño.

SETIMO. En vista da necesidade de aprobar un instrumento legal que estableza a regulación do servizo de préstamo de produtos de apoio a persoas en situación de dependencia e/ou persoas con discapacidade, como servizo social de carácter municipal e que depende xurídicamente do Concello de Valdoviño iníciase expediente de creación e aprobación do Regulamento a través da Providencia de Alcaldía de data de 28 de decembro de 2022 (Expediente nº 2022/G013/000002).

OITAVO. En data de 19 de xaneiro de 2023 incorpórase ao expediente informe de Secretaría; non sendo necesario informe de Intervención.

PROPOÑO:

A aprobación inicial polo Pleno municipal do Regulamento de funcionamento do servizo de préstamo de produtos de apoio a persoas con dependencia e/ou discapacidade veciñas do municipio de Valdoviño, coa correspondente apertura do período de información pública, publicación no Boletín Oficial que corresponda e demais trámites procedentes.

Para que conste aos efectos oportunos, asino electrónicamente na data indicada á marxe.

O Alcalde”

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE PRESTAMO DE PRODUTOS DE APOIO A PERSOAS CON DEPENDENCIA OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE DO CONCELLO DE VALDOVIÑO

INDICE

Exposición de motivos

Artigo 1. Fundamento e natureza xurídica.

Artigo 2. Concepto, finalidade e obxectivos.

Artigo 3. Catálogo de axudas técnicas en servizo de préstamo.

Artigo 4. Duración do préstamo.

Artigo 5. Requisitos para poder ser persoa beneficiaria do servizo.

Artigo 6. Prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 7. Procedemento e tramitación das solicitudes.

Artigo 8. Organización e funcionamento do servizo.

Artigo 9. Fianza.

Artigo 10. Dereitos e deberes das persoas beneficiarias.

Artigo 11. Causas de extinción do servizo de préstamo.
Artigo 12. Seguimento e revisión das axudas concedidas
Artigo 13. Réxime de incompatibilidades.
Artigo 14. Infraccións e sancións.
Disposicións finais
Anexos
Anexo 1. Modelo de solicitude
Anexo 2. Declaración responsable
Anexo 3. Modelo de informe médico.
Anexo 4. Baremo de valoración
Anexo 5. Documento de formalización do préstamo

EXPOSICION DE MOTIVOS

A lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, establece que a atención ás persoas en situación de dependencia e a promoción da súa autonomía persoal constitúe un dos principais retos da política social dos países desenvoltos.

O reto non é outro que atender as necesidades daquelas persoas que, por atoparse en situación de especial vulnerabilidade derivada do seu estado de saúde, requiren de apoios para o desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria, acadar unha maior autonomía persoal e poder exercer plenamente os seus dereitos de cidadanía.

Para estes efectos, o artigo 12.1 da citada Lei establece que as entidades locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, segundo a normativa das súas respectivas Comunidades Autónomas e dentro das competencias que a lexislación vixente lles atribúe.

No concello de Valdoviño, segundo datos do INE a 01 de xaneiro de 2022, o número total de habitantes é de 6.924. O 32,03% da poboación ten 65 anos ou máis, o que implica que se produza unha alta demanda de servizos e recursos vinculados ao envellecemento e á de dependencia.

A atención a persoas en situación de dependencia e persoas con discapacidade, así como o apoio á rede familiar de coidados constitúe un dos eixos fundamentais e prioritarios das políticas sociais do Concello de Valdoviño. O aumento da esperanza de vida, consecuencia de circunstancias culturais, sociais e sanitarias, trae consigo o aumento do número de persoas en situación de dependencia que non poden realizar de forma autónoma as actividades básicas da vida diaria, tal e como son por exemplo o aseo persoal e hixiene, vestido, desprazamentos dentro do fogar, entre outros.

Nos últimos anos estase a producir, por parte da veciñanza do municipio, unha elevada demanda de solicitudes vinculadas ao Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), e en concreto unha elevada demanda de recursos vinculados á permanencia na contorna familiar de convivencia. O incremento na intensidade dos coidados destas persoas require, en moitas ocasións, o concurso de produtos de apoio e material ortoprotésico para favorecer uns coidados adecuados e facilitar así o labor da rede de coidados familiares e/ou formais.

O servizo de préstamo de produtos de apoio a persoas dependentes e/ou con discapacidade súmase, xunto co servizo de axuda no fogar, a ese grupo de recursos favorecedores da permanencia da persoa no seu entorno habitual de convivencia.

Recentemente, grazas ao Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+ADICIONAL 1/2022, o Concello de Valdoviño adquiriu dúas camas articuladas e dúas grúas eléctricas de transferencia, con previsión de aumentar o número de produtos para beneficiar ao maior número de persoas posible.

Artigo 1. Fundamento e natureza xurídica

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local establece no artigo 25.2 que o municipio exercera en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, establece no artigo 12.1 que as entidades locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, de acordo coa normativa das súas respectivas Comunidades Autónomas e dentro das competencias que a lexislación vixente lles atribúe.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia di no seu artigo 3 que son obxectivos, entre outros, do sistema galego de servizos sociais: g) Garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia integrando, a estos efectos, o catálogo de prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia di no seu artigo 3 que son funcións dos servizos sociais comunitarios básicos: 1.f) A xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións dirixidas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte de aplicación.

Artigo 2. Concepto, finalidade e obxectivos

O obxecto do presente Regulamento é o de regular o servizo de préstamo de produtos de apoio a persoas en situación de dependencia e/ou persoas con discapacidade do Concello de Valdoviño, como servizo social de carácter municipal e que depende xurídicamente do Concello de Valdoviño. Configúrase como un servizo enmarcado dentro das prestacións básicas dos servizos sociais comunitarios, de apoio á familia e ás diferentes unidades de convivencia do municipio.

Produto de apoio defínese como calquera produto, incluíndo dispositivos, equipos, instrumentos, tecnoloxía e software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias, limitacións na actividade e restricións na participación.

Este servizo ten como obxectivos:

- Favorecer ás persoas en situación de dependencia ou con discapacidade a autonomía persoal e a accesibilidade no desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria.
- Apoiar a tarefa de coidados a persoas en situación de dependencia ou con discapacidade, levada a cabo por coidadores profesionais, non profesionais e familiares.
- Lograr a permanencia no entorno habitual de convivencia das persoas en situación de dependencia e/ou discapacidade que, con un produto de apoio, verían mellorada a súa situación persoal.
- Facilitar e posibilitar a atención de calquera situación sobrevida que requira de este servizo.

O ámbito de aplicación das prestacións establecidas no presente Regulamento será o do termo municipal de Valdoviño.

Artigo 3. Catálogo de axudas técnicas en servizo de préstamo.

- a) Inicialmente, o servizo de préstamo de produtos de apoio do Concello de Valdoviño inclúe no seu catálogo os seguintes produtos:

Catálogo inicial de produtos de apoio	
Unidades	Artigo
	Cama articulada con varandas de suxeición
	Colchón viscoelástico

Grúa de mobilidade ata 150 kg

- b) Incorporarase ao servizo todo aquel produto de apoio que no seu momento o Concello de Valdoviño considere adecuado por novas adquisicións, previa valoración e proposta técnica do departamento de servizos sociais municipais.
- c) Admitiranse doazóns ao servizo de préstamo, as cales se formalizarán por escrito mediante o correspondente documento. O feito de que unha persoa formalizase unha doazón, non lle da prioridade no caso de solicitar con posterioridade á doazón un produto de apoio. En ningún caso o material entregado nas doazóns poderá ser recuperado pola persoa doante das mesmas.

Artigo 5. Requisitos para poder ser persoa beneficiaria do servizo.

- 1. Aos efectos da valoración:
 - a. Enténdese por unidade económica de convivencia a formada pola persoa solicitante do servizo e, no seu caso, cónxue ou análoga relación estable, así como os seus ascendentes e descendentes e demais parentes de un ou outro, por consanguinidade e afinidade ata o segundo grao inclusive, así como por adopción, tutela ou acollemento familiar constituído por resolución xudicial ou administrativa, sempre que convivan coa persoa solicitante no mesmo domicilio.
 - b. Enténdese por patrimonio os bens patrimoniais de que dispón a UC, os depósitos bancarios e contas correntes ou de aforro. Bens mobles ou inmobles sobre os cales se posúa un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro de análoga natureza, con excepción da vivenda habitual destinada ao seu uso.
 - c. Salario Mínimo Interprofesional (SMI): o establecido en computo mensual incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.
- 2. Poderán ser persoas beneficiarias do servizo de préstamo de produtos de apoio do Concello de Valdoviño as que cumpran os seguintes requisitos:
 - a. Estar empadroados e empadroadas e ter residencia efectiva no Concello de Valdoviño cunha antigüidade de 6 meses de antigüidade, a contar dende a data de solicitude do servizo.
 - b. Atoparse en situación de dependencia e/ou discapacidade á data de solicitude do servizo, ou que sen estar valorada a súa dependencia ou discapacidade teña presentado solicitude de valoración da mesma e presente necesidades de asistencia ou coidados por parte de terceira persoa ou de produtos de apoio importantes.
 - c. Ter importantes dificultades para poder realizar as actividades básicas da vida diaria.
 - d. Que os ingresos de calquera natureza da unidade de convivencia, calculada en renda per cápita, non superen os seguintes límites:
 - i. 1 persoa: máximo o 150% do SMI mensual vixente, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.
 - ii. 2 persoas: máximo o 200% do SMI mensual vixente, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.
 - iii. 3 persoas: máximo o 250% do SMI mensual vixente, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.
 - iv. 4 persoas ou máis: máximo o 300% do SMI mensual vixente, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

A efectos de determinar a capacidade económica da unidade económica de convivencia na que a persoa beneficiaria do servizo se integra, tomarase como referencia a suma dos ingresos netos mensuais totais da unidade de convivencia, referentes ao mes anterior á solicitude, procedentes de rendementos do traballo ou de actividades económicas, como retribucións, rendas, prestacións periódicas, axudas, subsidios, prestacións de pagamento único ou por calquera outro concepto; así mesmo, as cantidades percibidas en concepto de rendementos do capital mobiliario e inmobiliario, alugamentos ou similares, así como rendementos do patrimonio

Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo mensual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar. Cando se trate de persoas que vivan soas, os ingresos dividiranse po 1,5 en compensación de gastos xerais.

Non serán ingresos computables:

- Os ingresos non regulares de escasa contía que únicamente resulten un complemento de supervivencia e que non procedan de actividades laborais, sempre que a súa contía non supere ao longo do ano o 25% do IPREM anual.
 - Axudas en especie dirixidas á adquisición de produtos básicos para o/a neno/a que acaba de nacer.
 - Os ingresos de carácter finalista dirixidos a paliar situación derivadas de emerxencia social.
 - Os ingresos de carácter finalista dirixidos á formación regrada.
 - As prestacións familiares por fillo ou filla menor a cargo xeradas polas persoas integrantes da unidade de convivencia ou as de natureza similar dirixidas a facilitar a protección das persoas menores. Equiparanse a estas prestacións as de acollimento familiar en familia extensa. Tamén se poderán incluír neste punto, por proposta do persoal técnico dos servizos sociais municipais, as prestacións familiares por fillo/a a cargo maior de dezoito anos e cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, cando a persoa causante non resida no mesmo domicilio que a persoa solicitante e se acredite a realización de gastos xustificadas ocasionados polo aloxamento, alimentación, medicación ou conceptos similares.
3. Situacións de urxencia social: excepcionalmente, e previo informe dos servizos sociais municipais do Concello de Valdoviño, poderase otorgar a condición de persoa beneficiaria do servizo de préstamo de produtos de apoio a persoas que por necesidade de urxencia persoal, social, de saúde e/ou familiar, non cumpran algúns dos requisitos anteriormente citados.

Para elo, será necesario a emisión dun informe social por parte do persoal técnico responsable da área de dependencia e discapacidade do Concello de Valdoviño no que se fundamenten as causas da excepción. Este informe terá carácter vinculante.

Artigo 6. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto, e de xeito indefinido, dende o día seguinte ao da publicación da aprobación definitiva deste Regulamento no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP).

Artigo 7. Procedemento e tramitación das solicitudes.

INICIACIÓN DO PROCEDEMENTO

O procedemento poderá iniciarse de oficio ou a instancia de parte. As solicitudes deberán ir asinadas pola posible persoa beneficiaria ou polo seu representante legal ou gardador de feito, e nas mesmas indícarase que prestación solicita e o motivo polo cal a realiza.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación, salvo que algunha dela xa obre en poder da Administración local:

- Modelo de solicitude asinada e correctamente cuberta (anexo 1).
- Declaración responsable de que non se solicitaron nin se concederon outras axudas similares para a mesma finalidade (anexo 2).
- Modelo de informe médico (anexo 3).
- Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade de convivencia.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante e posible beneficiaria.
- Fotocopia da resolución do grao de dependencia e/ou da discapacidade.
- Informe médico que acredite a necesidade do servizo, tipo de axuda necesaria, así como o prazo previsto da necesidade.
- Xustificación da capacidade económica:
 - o Fotocopia dos xustificantes dos ingresos económicos da unidade económica de convivencia maiores de idade.
 - o Xustificación do valor catastral de todas as propiedades dos membros da unidade de convivencia maiores de idade, salvo a vivenda habitual, das que sexan propietarios ou co-propietarios.
 - o Certificación bancaria de saldo en conta de todas as contas das que sexan titulares ou co-titulares todos os membros da unidade de convivencia maiores de idade.

Unha vez recibidas as solicitudes comprobarase que reúnen os requisitos sinalados e no caso de non ser así, requirirase á persoa interesada para que no prazo de 10 días subsane a falla ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fai así terase por desestimada a súa petición, procedendo ao arquivo da mesma.

VALORACION DA SOLICITUDE

Unha vez completada a solicitude será valorada por parte dos servizos sociais do Concello de Valdoviño, aplicando para o caso o baremo incluído en anexo, e sendo necesario realizar unha visita domiciliar para a valoración da idoneidade da prestación. Valorada a solicitude, emitirase informe-proposta de resolución que se elevará á Alcaldía para a súa resolución e notificación á persoa interesada.

Orden de prioridade da axuda:

Ademais da aplicación do baremo incluído en anexo, daráselle prioridade na concesión da axuda:

- a) Persoas beneficiarias do servizo de axuda no fogar do Concello de Valdoviño, ou que se atopen en lista de agarda para o acceso efectivo ao mesmo.
- b) Persoas que, de xeito temporal, debido a postoperatorios ou elación ad ec por accidentes ou similares, precisen de este servizo, concedéndose por un prazo non superior a seis meses. Aos seis meses teranse que revisar as condicións de concesión e volver a valorar a solicitude para determinar en que suposto queda esta nova solicitude.
- c) Persoas con enfermidades crónicas que teñan recoñecido un grao de dependencia, segundo graos.
- d) Persoas con pronóstico vital de gravidade.
- e) Menores de idade con dependencia e/ou discapacidade de gravidade e que teñan afectada a súa mobilidade.

RESOLUCION

Por Alcaldía-Presidencia dictarase resolución, indicando no suposto de concesión: datos persoais da persoa beneficiaria, dirección, descrición da axuda técnica prestada, data de inicio e fin do servizo.

O prazo máximo de resolución de este procedemento e para a notificación do acto que lle poña término é de 3 meses; transcurrido o prazo sinalado sen que se dictase e notificase polo Concello a resolución correspondente, o efecto do silencio administrativo será positivo. Non obstante, o citado prazo máximo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución poderase suspender nos casos previstos no artigo 22 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de que a resolución sexa desestimatoria, éste debe ser motivada.

Todas aquelas persoas que cumprindo o requisito para o acceso á prestación non poidan ser atendidas de xeito inmediato debido a falla de disposición de produtos de apoio, incluíranse nunha lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate, teranse en conta os supostos de prioridade indicados máis arriba no apartado de valoración, e no caso de persistir o empate, por orde temporal da demanda.

Nos casos de urxente necesidade procederase á inmediata concesión da prestación, sempre en cando esté disponible, previa valoración e proposta de Servizos Sociais, tramitándose posteriormente a solicitude segundo o procedemento establecido ao respecto.

No caso das resolucións de concesión, o persoal técnico de servizos sociais responsable da área de dependencia e discapacidade porase en contacto coa persoa interesada para a entrega no seu domicilio do produto de apoio, por parte de persoal do Concello, establecendo o día da mesma.

O produto de apoio obxecto de préstamo, e persoal e intransferible a favor da persoa beneficiaria; sen que poida ser arrendada ou cedida a terceiras persoas.

Antes da entrega, a persoa interesada deberá acreditar o ingreso na Tesourería municipal do importe correspondente á fianza establecida. No caso de non ter feito o ingreso da fianza ou non recoller ou recibir a axuda concedida no prazo fixado, entenderase que a persoa renuncia á prestación e archivarase o expediente sen máis trámite.

Artigo 8. Organización e funcionamento do servizo.

O servizo de préstamo de produtos de apoio dependerá xurídicamente na súa xestión do Concello de Valdoviño e, da súa organización e funcionamento dos Servizos Sociais do Concello de Valdoviño.

Asignación de funcións:

- Persoal técnico de servizos sociais responsable da área de dependencia e discapacidade: recepción de casos, estudo, valoración, seguimento e avaliación de caso.
- Persoal de Servizos Municipais: Almacenamento e mantemento das axudas técnicas, así como a distribución e recollida dos produtos de apoio prestados no domicilio da persoa beneficiaria.
- Réximen económico: o servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas dependentes e/ou con discapacidade, disporá para a súa financiación dos seguintes recursos:
 - o Presupostos do Concello de Valdoviño.
 - o Aportacións e doazóns de persoas físicas e xurídicas.
 - o Subvencións de outras Administracións Públicas.

No momento da devolución dos produtos de apoio, procederase a realizar unha proba técnica en presenza da persoa interesada, co obxecto de verificar o seu estado, e/ou funcionamento. A mesma proba realizarase con anterioridade á realización do préstamo a unha nova persoa beneficiaria.

O Concello de Valdoviño, realizará o traslado dos artigos obxecto de préstamo.

Artigo 9. Fianza.

Contías a depositar segundo a tipoloxía de produtos de apoio:

Fianza, importe en euros (€)	Produto de apoio
70 €	Cama articulada con varandas e colchón viscoelástico
60 €	Grúa eléctrica de mobilidade ata 150 kg con arnes
60 €	Grúa de bipedestación
25 €	Cadeira de rodas
25 €	Cadeira de baño, ducha e WC
15 €	Colchón viscoelástico
